

LINGUA GALEGA

SEMANA DO 21 AO 24 DE ABRIL

En galego seguiremos utilizando o libro esta semana. Faremos a páxina 126, 127, 128 e 129.

Para facer os exercicios das páxinas 126 e 127 pídovos que volvades lembrar o Restaurante de Lúa e esta vez seredes vós os que teñades que deseñar a carta. Lede con moita atención todos os exercicios para poder resolvelos ben e tede en conta que todos eses pasos previos axudaranvos a facer a carta do restaurante de Lúa que é o último paso. Cando teñades a carta enviádea ao meu correo.

Por outro lado, na páxina 128 tedes unha receita. Lédea con moita atención e a ver se ademais de facer os exercicios vos animades a facer na casa XEADO!

E por último, tedes exercicios de repaso sobre este tema na páxina 129. O exercicio 4 non fai falta facelo.

Moito ánimo!

SOLUCIÓNS



SABER FACER

Elaboro a carta dun restaurante

1 Cal destes textos é a carta dun restaurante? Marca e explica.

RESTAURANTE

Probe un xantar diferente

Un novo restaurante abre as súas portas na vila:

Il Sapore

Un restaurante para gozar dos sabores de Italia.

AS NOSAS ESPECIALIDADES:

A PASTA E A PIZZA.

Veña comer connosco!

Il Sapore

ENTRANTES	PIZZAS
Ensalada	Margarida
Mozzarella ao forno	Napolitana
Embutidos	Marifeira
PASTA	SOBREMESAS
Lasaña	Tiramisú
Tortellini	Macedonia
Españetes	Xeados*

*(Pida a carta de xeados)

Para que serve a carta dun restaurante? R.M. Para indicar que pratos de comida se poden tomar nese lugar.

2 Que é cada un? Escribe onde corresponda **Entrante** e **Sobremesa**.

- Entrante ▶ Prato que se toma ao principio dunha comida.
- Sobremesa ▶ Alimento que se toma ao final dunha comida.

3 En cantos grupos se clasificaron os pratos da carta? Escribe.

Hai catro grupos: Entrantes, Pizzas, Pasta e Sobremesas.

4 En cales destas seccións ou grupos incluírías os seguintes pratos? Escribe a letra que corresponda.

- | | | |
|---------------|--------------------------------|----------------------------------|
| E. Entrantes | S. biscoito de tres chocolates | E. ensalada primavera |
| C. Carnes | E. croquetas de bacallau | P. peixe sapo en salsa de vieira |
| P. Peixes | C. costela asada con cogomelos | S. torta de limón |
| S. Sobremesas | P. xoubas fritadas con patacas | C. albóndegas de vitela |

5 Inventa o nome dun restaurante e deseña a súa carta. **R.L.** Divídeala nas catro seccións do exercicio 4 e escribe dous pratos en cada unha.

RESTAURANTE

Menú

ENTRANTES











Competencia lingüística

LEO E COMPRENDO

Un xeadado de aire

Sabías que na elaboración dun xeadado, un dos ingredientes máis importantes é o aire, porque o fai aumentar de tamaño? Fíxate como ocorre:

Primeiro, nun recipiente de metal, bótanse e mestúranse ben os ingredientes: leite, nata, froita, azucre...

Despois, introdúcese a mestura no conxelador para deixala arrefriar.

A continuación, bátese de novo a mestura. Como o recipiente ten que estar ben frío, débese introducir en xeo. Ao estar batendo a mestura durante media hora ou máis, conséguese que o aire vaia entrando nela e que aumente de tamaño.

Finalmente, cando a mestura queda cremosa, o xeadado está listo para servir.

Bater os xeadados á man é un traballo canso. Por sorte, existen unhas máquinas que o fan axiña. Teñen un recipiente que mantén a mestura fría e unhas aspas que a moven e que lle van introducindo o aire. Fan que todo sexa máis doado!



1 En que orde se fai? Numera e explica.



2 Que lle fai o aire á mestura do xeadado? Escolle.



Aumenta o seu tamaño.



Cámbialle o sabor.

Competencia lectora

ACTIVIDADES FINAIS


10

- 1 Arrodea de azul os nomes propios de persoa e de vermello, os de lugar.
- O meu avó chámase Francisco, pero a avoa chámalle Chuco.
 - A nosa amiga Saleta marchou vivir a Lisboa.
 - O can de Antía foi correndo desde a aldea de Castro ata a de Piñeiro.

2 Copia escribindo as maiúsculas precisas.

o señor manuel vive nunha aldea de vilagarcía.
traballa de mariñeiro. á súa barquiña púxolle mariña.

O señor Manuel vive nunha aldea
de Vilagarcía. Traballa de mariñeiro.
Á súa barquiña púxolle Marina.



3 Escribe primeiro o nome común e despois un nome propio. R.M.



monte Castro



cabalo Pinto
doutora Canceles



DEMOSTRA O TEU TALENTO

4 Elixe e resolve a actividade que prefiras. R.L.

A. Lembra ou inventa dous títulos de contos que conteñan un substantivo propio.

B. Explica algunha saída que fixeses a un restaurante: Como era? Que pratos había? Cales pediches?

Intelixe
lingüa